

BASES DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO DA PROVINCIA DE LUGO- BEN EMPREGADO IV.

ANTECEDENTES

A Deputación Provincial de Lugo, como entidade coñecedora das necesidades dos Concellos e Comarcas da provincia, promove a articulación de políticas e servizos que potencien e permitan o desenvolvemento económico da nosa provincia, traballando para lograr que a mellora da actividade comercial e industrial da provincia sexa unha realidade, facendo unha labor conxunto co tecido empresarial e asociativo dos municipios para lograr a promoción económica e financeira dos pobos da provincia e impulsa a realización de accións que contribúan na loita contra a destrución de emprego e que permitan unha mellora nas condicións de vida dos cidadáns.

Promovendo e executando dende 2014, programas de FOMENTO DO EMPREGO , para cumprir con un triplo obxectivo:

- Contribuír a permanencia das empresas locais no tecido empresarial da provincia de Lugo, fixando poboación no entorno rural.
- Fortalecer o mantemento de postos de traballo así coma a creación de novos empregos de calidade
- Levar a cabo actuacións de interese provincial a través de actividades desenvoltas polas entidades sen animo de lucro en diferentes sectores de actividade, imprescindibles para o benestar da cidadanía local.

A vista dos bos resultados das edicións dos programas anteriores, tanto desde o punto de vista dos traballos realizados polas empresas adxudicatarias, como pola xeración de emprego, a Deputación provincial pretende dar un paso adiante en prol de mellorar as condicións de traballo , xa que nas últimas enquisas publicadas Galicia está por de baixo da media española en moitos aspectos dentro das condicións laborais, salario, horario, flexibilidade laboral , conciliación da vida laboral e familiar, seguridade e hixiene no traballo.

Ademais consolida actividades de integración laboral dos colectivos que contan con mais dificultades para o acceso o emprego, a través dunha liña exclusiva dirixida a mulleres, desempregados de longa duración, persoas con algunha discapacidade, física psíquica ou sensorial, ex-reclusos, emigrantes retornados...

Por todo o anterior articulase e ponse en marcha unha 4ª convocatoria, mellorada e adaptada as necesidades actuais na que a redución da taxa de desemprego e unha realidade, baseada na loita contra a precariedade e temporalidade dos contratos de traballo, PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO DA PROVINCIA DE LUGO, BEN EMPREGADO IV, que se rexerá polas seguintes:

BASES

BASE 1. OBXECTO.

O obxecto da presente convocatoria é articular as condicións polas que rexerá a convocatoria publica en réxime de concorrencia competitiva para a selección de Entidades da provincia de Lugo, susceptibles de percibir subvencións para o fomento do emprego da provincia de Lugo a través da contratación por 12 meses de traballadores en situación de desemprego.

A finalidade do programa é seleccionar ás entidades máis capacitadas para acadar o obxectivo de incorporar ao mercado de traballo a persoas desempregadas e de crear un incentivo económico que redunde nunha mellora das perspectivas de inserción laboral.

Pódese consultar a ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

http://www.deputacionlugo.org/portal_localweb_ag/p_20_contenedor1.jsp?seccion=sfdes_d4_v1.jsp&tipo=6&&contenido=30233&nivel=1400

BASE 2. REXIME DE CONCORRENCIA E FINANCIAMENTO.

As subvencións ás que se refiren ás presentes bases convócanse en réxime de concorrencia competitiva ata esgotar o crédito dispoñible, a través das seguintes liñas de acceso para sufragar custes de persoal:

Liña 1: dirixida a pequenas empresas e microempresas (segundo a definición recollida na Recomendación 2003/361 da U.E), calquera que sexa a súa forma xurídica, empresarios individuais e profesionais, comunidades de bens e sociedades civís e nos seguintes supostos de contratación:

1.a.: Contratación de desempregados

1.b.: Contratación de desempregados de difícil inclusión laboral

Liña 2: dirixida a entidades sen ánimo de lucro tales como: asociacións, federacións, fundacións, e similares.

O número máximo de perfiles a solicitar será de un por liña.

Este programa será financiado pola Deputación de Lugo con cargo ó crédito previsto nas aplicacións orzamentarias 2410.470 e 2410.489 por importe de 2.140.000,00 € para os anos 2017 e 2019, o cal repartirase nas liñas mencionadas do seguinte xeito:

PARTIDA	LIÑA	COLECTIVO DE CONTRATACIÓN	IMPORTE ASIGNADO	ANUALIDADE	
2410470	1.a.	Desempregados	1.040.000 €		
2410470	1.b.	Desempregados de difícil inclusión laboral	600.000 €		
2410489	2	Desempregados	500.000 €	2017	2019
TOTAL			2.140.000 €	1.712.000€	428.000 €

O financiamento realizarase a través do gasto plurianual por importe de 2.140.000,00 €, a distribuír nas anualidades 2017 e 2019 existindo crédito adecuado e suficiente para facer fronte ás obrigas económicas derivadas deste programa correspondente a anualidade 2017 nas aplicacións orzamentarias 2410470, 2410489, comprometéndose a incluír no orzamento de 2019 o importe de 428.000,00 € supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ó cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

No caso de que non se comprometan os importes totais asignados a calquera das liñas, poderanse traspasar entre elas as contías sobrantas en función das solicitudes obtidas no programa, sempre que non supoñan modificación orzamentaria.

Para o **acceso á liña 1.b.** haberá a disposición das entidades unha listaxe de perfís laborais ou postos de traballo aos que acollerse para realizar a oferta.

BASE 3. COMPATIBILIDADES E CONDICIONALIDADE DAS AXUDAS

Estas axudas son incompatibles con calquera outra concedida pola Deputación Provincial de Lugo para o mesmo fin.

As axudas establecidas nesta orde quedan sometidas ao réxime de minimis nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión da subvención. Por tanto, a axuda total de minimis concedida a unha única empresa non será superior a 200.000 euros durante o período dos dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal actual da empresa solicitante, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha única empresa que opere no sector do transporte de mercancias por estrada.

Para o cómputo dos límites deste réxime de axudas terase en conta o concepto de «única empresa» establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013.

Por tratarse de axudas sometidas ao réxime de axudas de minimis, non poderán concederse ás empresas dos seguintes sectores:

- a) Pesca e acuicultura, segundo establécese no Regulamento (CE) nº 104/2000 do Consello.
- b) Ás empresas dedicadas á produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do Tratado.
- c) Ás que operan no sector da transformación e comercialización de produtos agrícolas, nos casos seguintes:
 - i) Cando o importe da axuda se determine en función do prezo ou da cantidade de produtos deste tipo adquiridos a produtores primarios ou comercializados polas empresas interesadas.
 - ii) Cando a axuda estea supeditada a que unha parte ou a totalidade da mesma repercutase aos produtores primarios.
- d) Ás empresas que realicen actividades relacionadas coa exportación a países terceiros ou Estados membros cando a axuda estea vinculada directamente ás cantidades exportadas, á creación e funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación.
- e) As axudas condicionadas á utilización de produtos nacionais en lugar de importados.

BASE 4. BENEFICIARIOS.

Nesta convocatoria poderán ser entidades beneficiarias da subvención: pequenas empresas e microempresas (segundo a definición recollida na Recomendación 2003/361 da U.E), calquera que sexa a súa forma xurídica, empresarios individuais e profesionais, comunidades de bens e sociedades civís, así como asociacións, federacións, fundacións, e outras entidades sen ánimo de lucro que reúnan os seguintes requisitos:

- Dispoñer de capacidade e solvencia técnica.
- Estar inscritas no rexistro público correspondente.
- Dispor dos medios técnicos necesarios para que o traballador desempeñe ás súas tarefas.

- Contar cun centro de produción ou que realicen a prestación de servizos na provincia de Lugo. Para o caso de entidades que dispoñan de máis dunha sede, só será beneficiaria aquela situada no ámbito provincial de Lugo quedando automaticamente excluída calquera outra.
- Manter os postos de traballo creados ao abeiro do Programa Ben Empregado I, II e/ ou III, para o caso de pequenas empresas, microempresas, calquera que sexa a súa forma xurídica.
- Non ter realizado despedimentos cualificados como improcedentes ou nulos de traballadores nos 12 meses anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- No caso de realizar contratos en prácticas ou/e para a formación e aprendizaxe, ter capacidade de xestión suficiente para a execución dos proxectos formativos de práctica laboral solicitados así coma achegar un proxecto u programa formativo de práctica laboral por medio do cal os traballadores poidan adquirir competencias para o exercicio de actividades profesionais que faciliten a súa empregabilidade tal e como establece a normativa laboral.
- Estar relacionada a súa actividade cos perfís de traballadores solicitados.
- Dispoñer de persoal cualificado que se encargue de exercer as funcións de coordinador e interlocutor coa Deputación de Lugo.

No caso de sociedades civís, comunidades de bens e Unións Temporais de Empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como a porcentaxe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación.

Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas:

- As entidades definidas no artigo 3 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración.
- Aquelas que xa obtiveran dita condición no programa Ben Empregado I, II e/ ou III nos seguintes casos:
 - As pequenas empresas e micro empresas (segundo a definición recollida na Recomendación 2003/361 da U.E), calquera que sexa a súa forma xurídica, empresarios individuais e profesionais, comunidades de bens e sociedades civís que:
 - Fosen condenadas por sentenza xudicial firme en relación a despedimentos improcedentes ou nulos nos últimos 3 anos.
 - Teñan expedientes sancionadores por incumprimento da lexislación laboral vixente así como doutras normativas aplicables ao sector nos últimos 3 anos.
 - Que renunciaran a subvención despois do proceso de selección dos traballadores desempregados.

- As asociacións, federacións, fundacións, e outras entidades sen ánimo de lucro que:
 - Fosen condenadas por sentenza xudicial firme en relación a despedimentos improcedentes ou nulos nos últimos 3 anos.
 - As que teñan expedientes sancionadores por incumprimento da lexislación laboral vixente así como doutras normativas aplicables ao sector nos últimos 3 anos.
- Aquelas que concorran nalgunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes da Lei Xeral de Subvencións:
 - a. Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
 - b. Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, acharse declaradas en concurso, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme a lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
 - c. Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.
 - d. Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
 - e. Non estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.
 - f. Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
 - g. Non estar ao día do pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.
 - h. Ser sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.
 - i. Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.
 - j. En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos números 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das cales se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto

no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, mentres non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude se poida practicar a inscrición no correspondente rexistro.

Os **beneficiarios da liña 1.b.** poderán acollerse aos perfís laborais ou postos de traballo que se recollan nunha listaxe que proporcione a Deputación. No caso de querer ofertar un posto distinto aos proporcionados, a Deputación non poderá asegurar que se cubra no prazo estimado.

BASE 5. CUSTES SUBVENCIONABLES.

Consideraranse gastos subvencionables os custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos na mesma cantidade que a fixada para o salario (segundo o convenio colectivo vixente no momento de formular a solicitude e por cada persoa traballadora desempregada contratada). Poderanse imputar a esta subvención, como máximo, os gastos correspondentes a 12 meses de execución do contrato.

As entidades deberán asinar co/a traballador/a un contrato inicial en calquera modalidade prevista legalmente, por un período mínimo de 12 meses e cunha duración da xornada laboral de a lo menos o 50%. Para todos os efectos este contrato rexerá polo lexislación laboral vixente.

Adquiren a condición de gastos subvencionables aqueles que de maneira inequívoca respondan á natureza da actividade subvencionada, sexan estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido, tal e como establece o artigo 31 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o artigo 29 da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso dos beneficiarios da liña 1.b. valorarase a posibilidade de destinar parte da axuda concedida á adaptación do posto de traballo en función das necesidades do/a traballador/a, sempre e cando o gasto se realice en réxime de aluguer (nunca mediante compra). Deberase facer referencia a estes condicionantes no modelo de solicitude.

Non terán a consideración de conceptos subvencionables:

- As horas extraordinarias, produtividade, primas ou gratificacións voluntarias, parte proporcional de vacacións pagadas e non desfrutadas ou calquera outra indemnización non prevista na lexislación laboral.
- A indemnización prevista no artigo 49.1º c) do Estatuto dos Traballadores.
- A roupa de traballo.

BASE 6. CONTÍA MÁXIMA DA AXUDA.

Este programa será financiado pola Deputación Provincial de Lugo con cargo ó crédito previsto nas aplicacións orzamentarias 2410.470 e 2410.489, por importe de 2.140.000,00 € para os anos 2017 e 2019.

A contía máxima para a contratación subvencionada, atendendo os grupos de cotización para o ano 2017, poderá ser:

- GRUPO 1 e 2: Encadrarían enxeñeiros, licenciados, persoal de alta dirección non incluído no artigo 1.3.c do estatuto de traballadores, enxeñeiros técnicos, peritos e axudantes titulados. A cantidade máxima subvencionable para os contratos realizados con este grupo de cotización é de: 22.000 euros.

- GRUPO 3, 4, 5, 6 e 7: Xefes administrativos e de taller, axudantes non titulados, oficiais non administrativos, subalternos e auxiliares administrativos. A cantidade máxima subvencionable para os contratos realizados con este grupo de cotización é de: 20.000 euros.
- GRUPO 8, 9, 10 e 11: Oficiais de primeira e segunda, oficiais de terceira e especialistas , peóns e traballadores menores de 18 anos calquera que sexa a súa categoría profesional. A cantidade máxima subvencionable para os contratos realizados con este grupo de cotización é de: 18.000 euros.

As porcentaxes de subvención sobre os custes totais (establecidos na base 5) que se poderán acadar dentro das distintas liñas de axuda serán as seguintes:

LIÑA	COLECTIVO DE CONTRATACIÓN	PORCENTAXE DE AXUDA
1.a.	Desempregados	Ata o 50%
1.b.	Desempregados de difícil inclusión laboral	Ata o 100%
2	Desempregados	Ata o 90 %

Calquera gasto que exceda da contía da subvención concedida será asumido pola entidade beneficiaria.

A contía da axuda será proporcional á xornada laboral pola que se contrate ao traballador/a.

BASE 7. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Para poder ser entidade beneficiaria das axudas reguladas nesta orde deberá presentarse unha unha única solicitude axustada aos modelos normalizados que figuran como anexos destas Bases e que se porán a disposición dos interesados na páxina web institucional da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.org). (Anexo I-X)

O prazo de presentación de solicitudes será de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día é inhábil, entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte. Poderá presentarse na oficina do Rexistro Xeral da Deputación de Lugo (Rúa San Marcos, 8- 27001 Lugo) ou por calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de ter que emendar a solicitude, os solicitantes dispoñen de 10 días hábiles dende o día seguinte á publicación do listado de requirimento, na páxina web.

Non axustarse aos termos desta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

BASE 8. COMUNICACIÓN AOS INTERESADOS.

Todas as comunicacións aos interesados realizaranse de conformidade co establecido no artigo 42 e 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos e comunicacións relativas ao Programa do Fomento do Emprego da Provincia de Lugo que procedan en virtude do procedemento administrativo, faranse públicas no Taboleiro de Anuncios da Deputación e na páxina www.deputacionlugo.org, xurdindo a publicación os mesmos efectos que a notificación. Non obstante cando a Administración estime que a publicación efectuada resulta insuficiente, e co obxecto de axilizar o procedemento, poderá efectuar adicionalmente notificación individual por correo electrónico á dirección que os interesados designasen, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de Xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos. O prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, será de cinco días. A estes efectos os interesados deberán achegar o ANEXO VII debidamente cumprimentado e asinado.

BASE 9. DOCUMENTACIÓN

Xunto co formulario de solicitude (Anexo I) deberá anexarse en papel a seguinte documentación:

- Copia da tarxeta de identificación fiscal da entidade solicitante ou copia do DNI ou NIE.
- Memoria-proxecto da entidade solicitante segundo o modelo que se publica como anexo II, no que conste:
 - Características da entidade solicitante (Descrición da entidade solicitante, descrición do cadro de persoal, Localización xeográfica, estrutura da empresa, forma xurídico-fiscal, etc.)
 - Breve descrición do contexto socioeconómico da actividade que desenvolve a entidade solicitante da axuda dentro do seu sector e as características da mesma.
 - Definición do proxecto global. Neste apartado determinarase a planificación, xestión e a viabilidade da empresa (proxectos de futuro). No caso de que se implementen melloras no sistema produtivo deberánse indicar en función dos criterios do baremo.
 - Medidas de conciliación específicas do posto a subvencionar e as de medidas de conciliación concretas que a entidade implantou ou vai implantar o resto do persoal. Así como a tipoloxía do contrato do traballador a subvencionar.
 - Porcentaxe de cofinanciación do/a traballador/a no caso de aplicalo.
 - Perfil da persoa que se pretende contratar. Neste punto describirá con detalle o perfil do traballador (formación, experiencia, idiomas, mobilidade,...en ningún caso poderá facerse referencia a criterios relativos a idade ou o sexo)
 - Accións e actividades a desenvolver polos traballadores que se pretenden contratar e a súa vinculación coa actividade da empresa.
 - Duración estimada dos contratos e xornada laboral.

- Grao de compromiso da entidade beneficiaria para posible continuidade do contrato.
- Calquera outra mellora que redunde en beneficio do traballador ou calquera outra información de interese susceptible de valorar.
- Identificación do persoal técnico da empresa que actuará como interlocutor/a coa Deputación de Lugo.
- Informe de vida laboral da entidade actualizado, emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. No caso de dispor varias contas de cotización, debera incluír un informe de vida laboral para cada unha delas.

Declaración responsable de estar en posesión da seguinte documentación: (Anexo III-A, B, C).

No caso de entidades con personalidade xurídica (Anexo III-A) declaro dispoñer de:

- Alta no imposto de actividades económicas ou, se é o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (Modelo 036).
- Poder suficiente do representante que actúa en nome e representación da persoa xurídica solicitante
- Estatutos ou de calquera outro documento análogo que acredite a condición de empresario, segundo a natureza e a actividade.
- Certificado de inscrición no rexistro público correspondente.

No caso de entidades sen personalidade xurídica (Anexo III-B) declaro dispoñer de:

- Poder suficiente da persoa representante e asinante da solicitude para actuar en nome da persoa solicitante.
- Alta no imposto de actividades económicas ou, se é o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (Modelo 036).
- Documentos de solicitude e resolución de recoñecemento de alta no réxime especial de traballadores autónomos da Seguridade Social ou, de ser o caso, no colexio profesional e mutualidade que corresponda, ou último recibo de autónomos.

No caso das asociacións, fundacións, federacións e demais entidades sen ánimo de lucro (Anexo III-C) , declaro dispoñer de:

- Alta no imposto de actividades económicas ou, se é o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (Modelo 036),ou declaración responsable de non estar obrigada.
- Representación da entidade solicitante. Poderá xustificarse co certificado do secretario da entidade, co visto e prace do seu presidente, en que se faga constar a data de nomeamento do representante da entidade, así como o nome, apelidos e o número de documento de identidade e que dita representación está en vigor.
- Escritura de constitución e estatutos debidamente inscritos no rexistro correspondente, debendo quedar acreditada, de ser o caso, a súa condición de entidade sen ánimo de lucro.

Para o caso de contratos de practicas: proxecto de práctica laboral a desenvolver, especificando o perfil do contratado (titulados universitarios ou dos ciclos superiores de formación profesional), contido das tarefas a realizar por cada un dos contratados solicitados, centro de traballo, departamento, equipo de traballo, horario . Ademais indicarse con detalle a orde de preferencia nas titulacións solicitadas e se é imprescindible o coñecemento de idiomas.

No caso de contratos para a formación e a aprendizaxe: Proxecto do traballo a desenvolver así como da actividade formativa inherente ao contrato, especificando o perfil do/a traballador/a, contido das tarefas a realizar por cada un dos traballadores solicitados, centro de traballo, departamento, equipo de traballo, horario, sistema de formación no caso de que se imparta pola propia empresa ou descrición do centro onde realizará a formación no caso de que a formación se reciba nun centro formativo da rede á que se refire a disposición adicional quinta da Lei orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das calcificacións da formación profesional.

Forman parte da solicitude as seguintes declaracións responsables e Anexos, que fan constar os seguintes puntos:

ANEXO IV:

- Que todos os datos que figuran na solicitude, nos seus anexos, na memoria técnica e demais documentación son certos.
- Que coñece e acepta as condicións das bases da convocatoria así como todos os requisitos esixidos na mesma coa obriga de entregar a Deputación de Lugo toda a documentación requirida nas presentes bases
- Que acepto o cumprimento de mantemento do cadro de persoal durante a vixencia do programa, salvo causa xustificada, que en caso de existir, deberá ser comunicada de inmediato (excepto de entidades sen ánimo de lucro).
- Aceptación do traballador/a que lle asigne a Deputación de Lugo, e entrega de informe detallado de causas obxectivas para o caso de non cumprir as esixencias durante o período de proba.

- Que a subvención outorgada vai destinada para o fin para o que foi solicitada.
- Declaración responsable de non ter despedido de forma improcedente a ningún traballador nos 12 meses anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes
- Que a entidade que represento cumpre con todos os requisitos e obrigas da convocatoria e non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, xeral de subvencións, nin nas recollidas nos mesmos apartados do artigo 10 da Lei 9/2007, de xuño, de subvencións de Galicia
- Que a entidade que represento cumpre o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e na normativa que a desenvolve.
- Que a entidade que represento non ten pendente de xustificación subvencións anteriores coa Excm. Deputación Provincial de Lugo.
- Que a entidade que represento atopase o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias(Estado e CCAA), Seguridade Social e Deputación Provincial
- Que a subvención outorgada empregárase para o mesmo fin para o que foi concedida, axustándose ós termos do programa
- Que a entidade que represento dispón dos medios técnicos necesarios para que o traballador contratado desempeñe as súas tarefas.
- Comunicar calquera modificación que afecte a solicitude inicial tramitada.
- Cumprimento da normativa laboral vixente mentres dura a actividade subvencionada.
- Que non ter concedida nin solicitada ningunha outra axuda pola Deputación Provincial de Lugo para o mesmo fin .
- Que autorizo á Deputación de Lugo para que realice os controis e verificacións necesarios para o correcto desenvolvemento da subvención outorgada.
- Autorizo a Deputación de Lugo a comprobación, en calquera fase do programa, de que a entidade que represento atopase o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias(Estado e CCAA), Seguridade Social e Deputación Provincial

ANEXO V:

De ser o caso, declaración de ser beneficiaria do programa Ben empregado I, II e/ ou III. So para o caso pequenas empresas e microempresas (segundo a definición recollida na Recomendación 2003/361 da U.E), calquera que sexa a súa forma xurídica, empresarios individuais e profesionais, comunidades de bens e sociedades civís.

ANEXO VI:

De ser o caso, declaración de cumprimento da condición de ser pequena empresa ou microempresa.

ANEXO VII:

Documento de aceptación de forma de comunicación vía correo electrónico, so no caso da súa aceptación

ANEXO VIII:

Cadro con desglose do custe por traballador solicitado

ANEXO IX:

Declaración doutras axudas concedidas e/ou solicitadas.

ANEXO X:

Declaración de mínimos

Se do exame do expediente segundo o procedemento establecido no artigo seguinte se comprobase que a documentación non reúne os requisitos necesarios, é insuficiente ou non se achega na súa totalidade, requirirase a entidade solicitante para que, nun prazo de 10 días hábiles dende o día seguinte a publicación na páxina web, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 64.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se considerará que desistiu da súa solicitude, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 desta lei.

BASE 10. PROCEDEMENTO.

O procedemento de selección das entidades beneficiarias e a distribución das subvencións entre estas será o de concorrencia competitiva.

O órgano instructor dos expedientes será a Área de Promoción Económica e Social.

Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, remitiranse á Comisión de Valoración para que esta proceda a súa avaliación e informe, no que se concretará o resultado da avaliación efectuada coa asignación dos perfís ás entidades solicitantes.

Unha vez realizado dito informe, requiriráselles ás entidades que presenten nun prazo de 5 días hábiles a documentación que se inclúe na declaración responsable. A non presentación de ditos documentos en prazo determinara a perda de dereitos derivados da participación no presente proceso.

En prol de non dilatar o procedemento solapando anualidades orzamentarias, no caso de renuncias por parte das entidades beneficiarias, recorrerase á lista de reserva para o nomeamento de novas entidades con data límite 31/12/2017, atendendo ó crédito dispoñible.

Para os efectos previstos nestas bases, a Comisión de Valoración estará composta por tres empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, o Secretario Xeral da Corporación ou funcionario en quen delegue ou substitúa e a Interventora Xeral Corporación ou funcionario en quen

delegue ou substitúa. A Comisión nomearase por Resolución da Presidencia da Deputación de Lugo. A Comisión poderá estar asistida por expertos na materia.

Para o funcionamento da comisión aplicaráselle o réxime establecido nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público e concordantes de aplicación.

BASE 11. CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES.

Sempre que se cumpran os requisitos establecidos na presente orde, a Comisión de Valoración prevista no artigo anterior valorará as solicitudes presentadas conforme criterios de obxectividade, igualdade e non discriminación dentro das dispoñibilidades orzamentarias e perseguindo a maior repercusión posible das subvencións no ámbito territorial e tendo en conta os seguintes criterios de valoración específicos:

CRITERIOS VALORACIÓN		
1. Xustificación adecuación ao obxecto deste programa		
PUNTUAC. MAX	VALORACIÓN	PUNTUAC. POR ITEM
30	Descritivo da entidade solicitante	3
	Descrición do contexto socioeconómico	3
	Definición do proxecto Global	5
	Estrutura da Empresa	5
	Descrición perfil (Emprego de calidade)	8
	Calquera outra medida que redunde en beneficio do traballador	4
	Calquera información de interese	1
	Non ser beneficiario noutras edicións do Ben Empregado	1
2. Emprego de calidade		
PUNTUAC. MAX	VALORACIÓN	PUNTUAC. POR ITEM
20	Por contratación indefinida do posto a subvencionar	8
	Aplicación de medidas de conciliación específicas do posto a subvencionar	6
	Aplicación de medidas de conciliación concretas que a entidade implantou ou vai implantar o resto do persoal.	6

3. Implementación de melloras no sistema produtivo

PUNTUAC. MAX	VALORACIÓN	PUNTUAC. POR ITEM
10	Aplicación das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC).	4
	Aplicación de Medidas de responsabilidade social corporativa	3
	Emprego de medidas medioambientais	3

4. Características da entidade solicitante :

PUNTUAC. MAX	VALORACIÓN	PUNTUAC. POR ITEM
10	Nova creación de empresas ou entidades dentro da anualidade 2017 .	5
	Que a promotora sexa unha muller	1
	Que o/a promotor/a sexa mozo/a (entre 16-35 anos)	2
	Que o/a promotor/a sexa maior de 45 anos	2

Nota:
-No caso de persoas xurídicas, deberase cumprir no 50% ou máis dos socios.
-No caso de entidades sen ánimo de lucro no 50% ou máis dos consellos de administración, xuntas directivas, etc

5. **Cofinanciación do traballador/a:** aplicarase puntuación en función das seguintes porcentaxes de cofinanciación por liñas de axuda.

PUNTUAC. MAX	VALORACIÓN		PUNTUAC. POR ITEM
20	Liña 1.A	60%	5
		70%	10
		80%	15
		90%	20
	Liñas 1.B e 2	10%	5
		20%	10
		30%	15
		40%	20

6. **Entidades atendendo ao numero de parados no concello onde teñan a seu razón social, segundo Instituto Galego de Cualificacións (xullo 2017)**

PUNTUAC. MAX	VALORACIÓN	PUNTUAC. POR ITEM
5	Maior ou igual a 476 parados.	5
	Dende 112 a 475 parados.	4
	Dende 62 a 11 parados.	3
	Menor ou igual a 61.	2

7. **Entidades con domicilio fiscal en calquera concello da provincia**

NOTA: Os datos de referencia serán os últimos publicados no IGE o último día do prazo da solicitude da axuda

PUNTUAC. MAX	VALORACIÓN	PUNTUAC. POR ITEM
5	Menor ou igual a 2000 habitantes.	5
	Dende 2001 a 4000 habitantes.	3
	Dende 4001 a 5000 habitantes.	1

Total máximo de puntuación obtida na suma de tódolos items será de **100** puntos.

BASE 12. RESOLUCIÓN

O órgano instructor elevará á Xunta de Goberno da Deputación para a súa aprobación o informe da comisión de valoración, xunto coa proposta de resolución, indicando a puntuación total por orde decrecente e con lista de reserva. Ademais establecerá unha relación dos perfís solicitados polas entidades beneficiarias seleccionadas determinando os postos a convocar na seguinte fase.

Posteriormente farase pública na web da Deputación e no BOP a relación de entidades beneficiarias admitidas e excluídas nesta convocatoria, con indicación, en cada caso, dos motivos de exclusión.

Para a valoración das solicitudes presentadas establécese unha puntuación máxima de 100 puntos, co fin de establecer unha prelación entre elas, de acordo cos criterios de valoración establecidos con anterioridade, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible. Para o caso de que se produza un empate nas puntuacións obtidas en aplicación destes criterios, terán preferencia a orde de entrada das solicitudes no rexistro xeral da Deputación de Lugo.

BASE 13. ACEPTACIÓN/RENUNCIA Á SUBVENCIÓN

Publicada a resolución definitiva polo órgano competente, as entidades beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, nos termos establecidos no artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou para a súa renuncia, axustándose ao modelo que se inclúe como **Anexo XI**.

BASE 14. SELECCIÓN DOS TRABALLADORES DESEMPREGADOS

Unha vez resolta a selección das entidades beneficiarias e á vista dos perfís propostos a Deputación de Lugo realizará unha convocatoria pública aprobada pola Xunta de Goberno, que rexerá as condicións para a selección dos traballadores desempregados inscritos na provincia de Lugo.

Deste segundo procedemento se obterá unha listaxe dos traballadores por perfil, orde decrecente e lista de reserva.

Rematado este proceso a Deputación de Lugo realizará a asignación dos traballadores ás entidades beneficiarias, tendo estas que realizar a contratación dos mesmos mediante a modalidade contractual e pola xornada laboral establecida na solicitude de axuda, nos cinco días naturais seguintes á publicación na páxina web da deputación.

Non poderán ser seleccionados ningún traballador que nos últimos seis meses, tiveran relación contractual coa empresa beneficiaria, a excepción, daqueles traballadores afectados por procedementos de regulación de emprego.

Para o caso de aqueles postos de traballo que queden desertos en canto a candidatos por falta de perfil axeitado e/ou por falta de solicitudes, a Deputación de Lugo reservase o dereito para elixir outro mecanismo para localización do mesmo.

A concesión e gozo destas axudas non suporá, en ningún caso, relación contractual ou laboral coa Deputación de Lugo.

BASE 15. DEREITOS E OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

As entidade beneficiarias deberán cumprir, principalmente, as seguintes obrigas:

- Aceptar o traballador asignado pola Deputación e mantelo no seu cadro de persoal durante un período mínimo de 12 meses de duración.
- Manter o cadro de persoal, incluíndo os traballadores subvencionados o amparo das edicións do Ben Empregado I, II e III, no caso de que existan, durante a vixencia deste programa, para pequenas empresas e microempresas, calquera que sexa a súa forma xurídica.
- Facilitarlle ó contratado os medios técnicos necesarios para o desenvolvemento das súas tarefas.
- Dentro dos 10 días primeiros de cada mes enviar, por correo electrónico area.emplo@deputacionlugo.org, a nómina e xustificante de pago do/a traballador/a correspondentes ao mes vencido. Soamente se admitirán como documentos xustificativos de pago aqueles que acrediten a súa realización por transferencia bancaria, e en ningún caso admitirase o pago en man ou en efectivo.
- Non estar incurso en ningunha das causas establecidas no artigo 23 da Lei 40/15 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Non ter ningunha relación contractual co desempregado seleccionado nos últimos 6 meses, no caso de pequenas empresas e micro empresas (segundo a definición recollida na Recomendación 2003/361 da U.E), calquera que sexa a súa forma xurídica, empresarios individuais e profesionais, comunidades de bens e sociedades civís.
- Cumprir coa normativa laboral, de afiliación e cotización á seguridade social, de prevención de riscos laborais, de seguridade e saúde no traballo que se encontre vixente durante a execución do traballo, así como a lexislación de datos de carácter persoal. Así como satisfacer, as obrigas económicas de carácter salarial e tributario en prazo ordinario independentemente do momento do pago da subvención.
- Entregar á Deputación de Lugo toda a documentación requirida nas presentes bases.
- Empregar a subvención outorgada para o mesmo fin para o que foi concedida, axustándose os termos do programa.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control que poida efectuar a Deputación de Lugo.
- Comunicar de forma inmediata calquera modificación que afecte á solicitude inicial realizada.
- Comunicar, tan pronto como se coñeza, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de outras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.

- Asumir os custes non subvencionables.
- Dilixenciar os xustificantes de gastos (nóminas) co texto “Subvencionado pola Deputación Provincial de Lugo”.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación da subvención recibida, incluídos os documentos electrónicos, que podan ser obxecto das actuacións de comprobación e control durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia
- Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- A entidade beneficiaria queda suxeita ao réxime de obrigas, responsabilidades e infraccións previstas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Lei 38/2003 do 17 de novembro da Lei Xeral de Subvencións.

BASE 16. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O aboamento da subvención farase efectivo unha vez cumprido o obxecto para o que foi concedida, polo tanto nos casos de renuncias non se procedera ao pago dos custes subvencionados durante a alta do traballador, salvo causa xustificada por entender que non se cumpre o obxecto do programa.

Nembargantes a empresa ou entidade poderá solicitar un anticipo de ata o 80% do importe da subvención concedida na solicitude e aboarse no momento da xustificación da alta do traballador, na modalidade de contrato establecida na solicitude.

Para ter dereito o anticipo anteriormente citado a entidade beneficiaria deberá presentar ante a Deputación de Lugo, nos 15 días seguintes a data de contratación do traballador, a seguinte documentación:

- Copia compulsada ou cotexada do contrato de traballo, formalizado e debidamente comunicado á Oficina de Emprego.
- Copia compulsada ou cotexada do parte de alta da seguridade social xunto co informe de datos de cotización.
- Declaración responsable de non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro, declaración responsable de relación detallada das subvencións/axudas obtidas de outras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo fin ou se é o caso declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo fin. (Anexo IX).
- Declaración responsable, cumprimento normativa minimis:(Anexo X)
- Certificación de conta bancaria expedida pola entidade á que se transferirá o importe da subvención que puidera concederse.

No prazo máximo de dous meses contados dende a data prevista para o remate do período subvencionado debe presentar ante a Deputación de Lugo a conta xustificativa.

Unha vez aprobada aboarase a subvención total concedida, se é o caso, ou o resto da mesma, descontando a parte do anticipo recibido. A conta xustificativa conterá a seguinte documentación:

- Memoria resumo das actividades desenvolvidas polo traballador con data e sinatura do representante.
- Cadro resumo de retribucións do período subvencionado, (Anexo XIII)
- Copias compulsadas ou cotexadas de boletíns de cotización á seguridade social modelos TC1 (Recibo de liquidación de cotizacións) e TC2(relación nominal de traballadores), pagados, así como o informe de vida laboral da entidade do período subvencionado. No caso de dispor varias contas de cotización, debera incluír un informe de vida laboral para cada unha delas.
- Copias compulsadas ou cotexadas de nóminas mensuais.
- Copias compulsadas ou cotexadas do impreso da liquidación nominal do Modelo 111 do IRPF do período subvencionado pagados.
- Declaración responsable de que a subvención outorgada empregouse na súa totalidade para o mesmo fin para o que foi concedida, axustándose os termos do programa. (Anexo XII)
- Declaración responsable de non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro, declaración responsable de relación detallada das subvencións/axudas obtidas de outras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo fin ou se é o caso declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo fin. (Anexo IX).
- Declaración responsable, cumprimento normativa minimis:(Anexo X)
- Certificación de conta bancaria expedida pola entidade á que se transferirá o importe da subvención que puidera concederse.
- No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarse a documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación:ESO4-2080-0163-85-3110000423. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida en non executada e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou ata a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta.

Así mesmo, dentro dos 10 días primeiros de cada mes enviarase por correo electrónico area.emplo@deputacionlugo.org, a nómina e xustificante de pago do traballador correspondente ao mes vencido, para velar polo cumprimento dilixente mensual dos pagos das obrigas contractuais. Soamente se admitirán como documentos xustificativos de pago aqueles que acrediten a súa realización por transferencia bancaria, e en ningún caso admitirase o pago en man ou en efectivo.

Entre o cuarto e quinto mes de alta do traballador realizarase un control e verificación por parte da Deputación de Lugo a entidade beneficiaria, para asegurar e velar polo cumprimento das esixencias declaradas, así como o bo entendemento entre as partes.

BASE 17. CAUSAS EXCEPCIONAIS

No suposto de extinción da relación laboral dalgunha persoa traballadora pola que se concedeu a subvención por causas alleas a entidade beneficiaria a Deputación facilitará un traballador de existir o perfil requirida dentro da lista de reserva de traballadores, para o caso de non existir semellanza de perfil a entidade poderá renunciar á parte de subvención non aplicada e devolvela voluntariamente segundo a base 20.

Para o caso de reposición de traballadores, por causas sobrevidas debidamente xustificadas, a Deputación valorará individualmente cada unha delas previa solicitude da entidade beneficiaria e comunicará a súa resolución, sen que en ningún caso supoña incremento da cantidade subvencionada. En caso necesario, a selección do traballador tramitarase por procedemento urxente reducindo a metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario.

No suposto concreto de baixa por maternidade, paternidade, adopción ou acollemento, risco durante o embarazo, ou risco durante a lactancia natural a entidade beneficiaria poderá optar pola substitución do traballador/a subvencionado por outro de semellante perfil dentro da lista de reserva, sen que en ningún caso supoña incremento da cantidade subvencionada.

BASE 18. PENALIZACIÓNS

A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou das obrigas asumidas como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar lugar á extinción do dereito o seu goce ou á modificación da resolución de concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador conforme ó previsto na Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións así como cantas responsabilidades de toda orde puideran derivarse.

En todo caso o incumprimento de prazos na presentación das solicitudes da subvención ou da subsanación da documentación correspondente se procede, suporá a exclusión do proceso de selección para o outorgamento da subvención.

No tócate a xustificación da subvención;

- Unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado nas bases sen que a entidade presentara a documentación xustificativa a unidade xestora requirira para que a presente no prazo improrrogable de 15 días. A falta de presentación da documentación nese prazo suporá a perda do dereito o cobro da subvención outorgada e o reintegro da cantidade cobrada en concepto de anticipo, e a esixencia dos xuros de mora correspondentes, sen prexuízo das responsabilidades previstas na Lei Xeral de Subvencións.
- A entidade beneficiaría poderá realizar unha autoliquidación para devolver voluntariamente as cantidades a reintegrar sen prexuízo da aplicación do perceptivo expediente de reintegro e a aplicación dos xuros de mora.

O incumprimento das obrigas establecidas nestas bases, terán a consideración de infracción e levaran consigo as sancións recollidas na Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

BASE 19. REVOGACIÓN E REINTEGRO

Procederá a revisión das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e á exixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As obrigas de reintegro establecidas nos anexos desta orde, entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Aos beneficiarios das subvencións canalizadas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da mencionada Lei 38/2003

BASE 20. DEVOLUCIÓN VOLUNTARIA DA SUBVENCIÓN

De acordo co establecido no artigo 90 do Real decreto 887/2006 de 21 de xullo, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta de Abanca ES04-2080-0163-85-3110000423, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concédente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste á data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida. Sen prexuízo da aplicación dos xuros de mora no procedemento de reintegro de acordo o artigo 90 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvención

BASE 21. PLAN DE AUDITORÍA ANUAL

A efectos de executar o control financeiro e á fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial levarase a cabo un Plan de Auditoría Anual que indique o alcance da comprobación, tanto á mostra como á forma de selección como ás principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

1. Comprobar o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
2. Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das nóminas e demais documentos xustificativos da subvención.
3. Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría. O órgano competente para a aprobación do Plan de Auditoría anual será a Xunta de Goberno Provincial.

BASE 22. RÉXIME DE RECURSOS

As resolucións de concesións ou denegación das subvencións aos beneficiarios, poñerán fin á vía administrativa, podendo interpor contra os mesmos recurso de reposición, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación da resolución de concesión, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución de concesión e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, todo elo, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime procedente.

BASE 23. PROTECCIÓN DE DATOS

A Deputación de Lugo velará polos datos de carácter persoal incorporados a este procedemento administrativo e haberá que aterse ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na súa normativa de desenvolvemento. Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros agás de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente

BASE 24. NORMATIVA DE APLICACIÓN

Para todo o non previsto nesta bases estarase ao disposto en:

- Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común.
- Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 7/1985, do 2 de Abril, reguladora das Bases do Réxime Local
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.
- A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de Novembro, xeral de subvencións.
- A Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005.
- Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE nº L 352, do 24 de decembro de 2013)
- Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.
- Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.
- As declaracións responsables previstas nestas bases surtiran os efectos previstos polo artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común.